

LECTURAS COMPARTIDAS:

FORMANDO LECTORES NA BIBLIOTECA DO IES DE POIO.

Xornadas de Bibliotecas Escolares.
Compostela, mes de Santos, 2015.

- **Contacto e breve historia da nosa biblioteca:**

O IES de Poio conta con 512 alumnos, é un centro periurbano e o nivel socioeconómico das familias é medio-baixo.

Hai 9 anos, os mesmos que levan funcionando os Clubs de lectura do IES de Poio, propúxeronme facerme cargo da biblioteca, eu daquela pouco sabía de bibliotecas agás o meu feo costume de visitalas e aproveitarme dos seus fondos.

A nosa biblioteca estaba pechada con chave e só abría nos recreos, os fondos estaban ben gardados en vitrinas para “non coller po”; decidín pois que debía formarme e comezar a cambiar as cousas. Tras o meu primeiro curso de bibliotecas (Meiga incluído) - e levo moitos pois volvínme adicta- comezou a guerra (van roubar os libros, desordealos.); xa no primeiro claustro houbo queixas, ruído e vida na biblioteca, voaron as pechaduras e as vitrinas, e o alumnado encheu coas súas voces o espazo.

Os usuarios pasaron a ser os protagonistas da nosa biblioteca e quixemos formalos e adecuar o espazo ás súas necesidades e aos seus gustos. Xa cun carné lector na man e as promocións de lecturas nos recreos había “cola” para coller libros ou cambialos. Pero tamén había que reorganizar os fondos e ensinarlles a buscar, seleccionar, marcar pautas de uso e aprender a respectar o de todos.

Un dos cambios máis positivos que comprobamos daquela foi que todo o alumnado podía ter acceso aos fondos (sobre todo cos libros de lecer e de lectura obrigatoria), conectarse a internet (moitos deles non tiñan conexión nas casas), procurar información, consultar correo, etc. Habemos deter en conta o nivel socioeconómico tan dispar entre o alumnado do IES de Poio, a biblioteca chegou para romper coas desigualdades. No curso 2013/14 houbo un club de lectura para alumnado de NEE e neste estamos comezando cun club mixto, música e lectura, para o alumnado do Vao (barrio de chabolas xitano).

Un motor de cambio fundamental na historia da nosa biblioteca foron os clubs de lectura.

OS TRASNOS DOS LIBROS. CLUBS DE LECTURA DO IES DE POIO.

- **A andaina de “Os trasnos dos libros”**

Naquel ano do 2007 eu xa andaba a darlle volta a creación dun “foro de lectura” e axudada polo profesor Francisco Campos (que lles lía poemas e narracións en portugués) formamos un pequeno grupo con alumnos e alumnas lectores de 3º de ESO (que non nos abandonaron ata que deixaron o centro); o primeiro texto que lemos foi o Libro das alquimias do noso compañeiro Xesús Constela, que nunca deixou de colaborar cos clubs.

A nosa andaina leva xa, pois, 9 cursos en funcionamento sen parar de crecer, mesmo houbo anos con lista de espera pois non tiñamos coordinadores para atender os rapaces.

“Os trasnos dos libros” convertéronse no pilar máis sólido da nosa biblioteca e do noso labor coma formadores de lectores e facilitadores da lectura.

- **Descrición e organización.**

No curso actual 2015/16 “Os trasnos dos libros” son seis seccións de clubs de lectura:

- Club de lectura de Banda deseñada. Un grupo de 1º e 2º de bacharelato (Leva funcionando desde 2009 dun xeito moi estable, un ou dous grupos por curso desde 4º a 2º de bacharelato).
- Club de narrativa en galego. Tres grupos de 3º e 4º da ESO (Leva funcionando desde 2007 e chegou a ter catro grupos funcionando paralelos de ESO e bacharelato).
- Club en galego de 2º de ESO. Dous grupos.
- Club de lectura bilingüe de 1º de ESO “Lecturas coma pulgas”. Dous grupos.
- Club de narrativa fantástica de 1º de bacharelato, un grupo. Esta modalidade é nova.
- Club de lectura de familias, un grupo de nais. Leva dous anos funcionando.

Todos os grupos reúnen no recreo en periodicidade quincenal excepto o de nais que se reúne unha vez ao mes fóra do horario lectivo.

Noutros cursos tivemos grupos de linguas clásicas, linguas estranxeiras, novela negra, club en español... pero só permaneceron durante un curso.

No que respecta aos fondos subvencionámonos coa doazón da convocatoria anual de clubs de lectura da Xunta e realizamos e recibimos préstamo interbibliotecario doutros clubs.

- **A legalidade dos clubs:**

- O proxecto anual dos clubs preséntase a aprobación no primeiro claustro e consello escolar do ano.

- O proxecto de clubs está contemplado como un obxectivo na PXA do centro:

Crear hábitos lectores ao tempo que se favorece a convivencia entre o alumnado pola práctica dos clubs de lectura e tratando contidos transversais e formando en valores a través da lectura.	<ol style="list-style-type: none">1. Favorecendo a convivencia do alumnado ao redor do mundo lector fomentando a práctica dos clubs de lectura.1. Establecemento de redes con outras comunidades educativas nacionais e internacionais a través do desenvolvemento de proxectos de aprendizaxe e proxectos lectores en común.2. Creación dun grupo de club de lectura centrado en temas como a prevención do acoso escolar e/ou o uso adecuado das TIC e das redes sociais.
---	---

- O proxecto dos clubs forma parte do Plan de lectura anual do centro e rematado o curso entrégase a memoria conxuntamente coa da biblioteca.
- Os participantes dos clubs asinan un compromiso aceptando respectar as normas da biblioteca e dos clubs, no mesmo admiten ter actualizado o permiso parental do uso da imaxe.

- **Obxectivos:**

- Obxectivo primordial: Fomento do hábito lector e gozo da lectura. A libre e meditada interpretación do texto e da imaxe.
- Aprender que “a lectura é o mellor antídoto contra calquera concepción do mundo excluínate e fundamentalista, un revulsivo contra a violencia, a persoal e a das violencias que en nome de deus ou da patria, se cometen no mundo actual” (Rosa Regás).
- A experiencia cultural compartida , o contaxio de entusiasmos, a xeración dunha rede de afectos, o intercambio de opinións e experiencias lectoras...

- **O traballo da lectura: As postas en común.**

O elemento fundamental desta práctica lectora é o encontro e a posta en común: Na primeira sesión explicamos en que consiste esta actividade diferenciándola das prácticas académicas e insistido na non obrigatoriedade da mesma, falamos do compromiso lector e das actividades paralelas ao club. Presentamos a obra de lectura e acordamos o tramo que imos ler no período.

Cando nos reunimos e tras un pequeno resume argumental do tramo lido cada membro expón a súa interpretación do mesmo, valora a lectura e se é o caso se realizan comentarios sobre o contexto da lectura.

O coordinador dirixe o camiño para que a aportación de ideas sexa ordeada e coherente e introduce temas paralelos á lectura e pequenas cuestións técnicas.

As postas en común grávanse para meditar posteriormente sobre elas e publícanse no blog. Anímase aos lectores a publicar os seus comentarios no blog. No remate da lectura da obra faise unha valoración da mesma.

Nalgunhas sesións introducimos a lectura de poemas, recomendamos outras lecturas ou cine.

- **Os membros do club axudantes da biblioteca:**

Os participantes nos clubs son os axudantes e colaboradores das celebracións e das actividades de animación a lectura que se organizan ao longo do ano lector: Len o pregón do Día da biblioteca, están nas mesas de libros organizando o préstamo, participan como persoas poema, etc. Participan tamén da actividade de Apadriñamentos lectores que facemos co cole Isidora Riestra. Calquera evento que se organice desde a biblioteca conta coa participación do alumnado dos clubs.

Nalgunha ocasión as recomendacións lectoras da biblioteca foron seleccionadas polo alumnado dos clubs.

- **As actividades paralelas:**

Das actividades que se organizan desde os clubs hai dúas das que gozan especialmente os seus membros: Os encontros co autor e os irmandamentos com outros clubs de lectura.

Nos **encontros cos autores**, ilustradores(que non son conferencias) os nosos rapaces e rapazas preparan algunha sorpresa para o seu convidado (por exemplo no de Pedro Feijoo ou na de poeta), logo fala o autor e despois prodúcese un intercambio de preguntas e comentarios sobre o autor e a obra.

Os irmandamentos com outros clubs son encontros con lectores cos que compartiron lecturas (un club ou varios), visitamos ou nos visitan, realizamos visitas turísticas (acompañadas de pequenas lecturas) ou roteiros literarios, xantamos xuntos e facemos un intercambio de lecturas.

Unha vez no curso imos ao **teatro** e de ser o caso ao **cine** para apoiar as lecturas e fomentar a asistencia a actividades culturais.

Asistimos aunha **sesión de lectura do club de lectura de adultos do noso concello**, habitualmente no Día de Rosalía.

- **Os proxectos:**

Xa vén sendo habitual que o alumnado dos clubs de lectura participen nalgún **proxecto de lectura colaborativa**. Nos cursos 2010/11, 2011/12 participamos no proxecto ARCE “En el país de Alicia”e realizamos dous encontros de alumnado, na Feira do libro de Madrid e no San Jordi en Barcelona.

Participamos ademais en dous proxectos e-twinning de lecturas compartidas “Ler e comprender” que acadou os Selos e-twinning de calidade e o Selo Europeo e “Cinetura” que acadou ambos selos e o premio Nacional, e foi finalista en Simo educación.

Durante dous cursos fomos “Enredando versos”, proxecto de lectura no que se traballou fundamentalmente poesía.

- **A difusión de “Os trasnos dos libros”**

Difundimos o noso traballo no noso blog aberto xa desde o 2007:

<http://ostranosdoslibros.blogspot.com.es/>

A través das Redes sociais: Twiter e Facebook.

Na prensa.

En comunicacións en Xornadas de bibliotecas e clubs de lectura.

- **Clubs de lectura e biblioteca escolar:**

Por outra banda, consideramos a relación dos clubs coa Biblioteca Escolar nos seguintes aspectos:

- a) O alumnado dos clubs participa nos blogs da biblioteca, e nas actividades que se organizan desde a biblioteca.
- b) O alumnado dos clubs aprende o funcionamento da biblioteca en canto a préstamos, rexistros e devolucións;
- c) Son a partida para realizar encontros de clubs.
- d) Os fondos dos clubs favorecen e facilitan o préstamo interbibliotecario e enriquecen os fondos da biblioteca.
- e) Participan nos proxectos de lectura da biblioteca (E-twinning, enredando versos...).
- f) Son o motor para os encontros co autor.

- **Valoración:**

Os **beneficios** que obtivemos con estas experiencias:

- A lectura como punto de encontro e achegamento na socialización de alumnos do centro e de distintos países, distintas comunidades e distintos clubs da mesma rede (a lectura sae fóra da aula e convírtese en medio de comunicación cotiá entre rapaces).
- O goce da lectura compartida: intercambio de opinións, valoracións, puntos de vista... saír de un mesmo e chegar aos outros que len e gozan da lectura coma min.
- Mellora da competencia lingüística do alumnado participante (no caso de e-twinning a de linguas estranxeiras).
- Achegamento á diversidade, a aprendizaxe do respecto polas opinións e pola cultura dos outros.
- Melloramos a competencia dixital empregando as TIC nos nosos blogs.
- Os diferentes grupos foron cohesionando a través das sesións das postas en común e dos encontros: Deberon realizar tarefas previas aos mesmos o que axudou a perfeccionar a organización do traballo colaborativo.
- Sen dúbida o máis positivo foron as convivencias en si, as viaxes, as risas, as despedidas a medias (aí está o twenty ou facebook).

<http://ostranosdoslibros.blogspot.com.es/>

